


SONOS E SOÑOS DA RAZÓN



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

EXPOSICIÓN E SIMPOSIO ILUSTRACIÓN E EDUCACIÓN EN GALICIA
(1995. Santiago de Compostela)

Sonos e soños da razón : a Ilustración nas coleccións da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela : Exposición e Simposio Ilustración e Educación en Galicia (Santiago de Compostela, maio 1995) / coordinador Xosé Luís Barreiro ; autores Xosé Luís Barreiro... (et al.). — Santiago de Compostela: Universidade, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 1997 — 224 p. : il. col. ; 30cm. — D.L.C. 953-1997 — ISBN 84-8121-617-8

1. Educación-Galicia-Historia.S.XVIII. 2. Universidade de Santiago de Compostela. Biblioteca-Bibliografía-Catálogos. I. Barreiro, Xosé Luís. II. Barreiro, Xosé Luís, coord. III. Universidade de Santiago de Compostela. Biblioteca. IV. Universidade de Santiago de Compostela. Servicio de Publicacións e intercambio Científico, ed. V. Título

37 (461. 1) "17" (063)
017.1 (461.11 Santiago de Compostela) (064)
016: 027.7 (461.11 Santiago de Compostela)

Exposición e Simposio "Ilustración e Educación en Galicia" organizados co gallo do XX Aniversario da Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación.

Pazo de Fonseca - Aula Cultural Caixa Galicia. Maio 1995


Catalogación: Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela

Comisión

Susana Abuín - M^a Xosé Agra
Herminio Barreiro - Xosé Luís
Barreiro - Antón Costa - Luis
García Soto - Martín González
Edelia Leis - Ana Ruth Regueira
Ana Celia Rodríguez

© Universidade de Santiago de Compostela, 1997
Diseño: Nel Rodríguez Rial - Diego Vázquez Rey
Maquetación: Diego Vázquez Rey
Fotografía: Nacho Romero
Edita Servicio de Publicacións. Campus universitario sur
Impresión: Imprenta da Universidade de Santiago de Compostela

I.S.B.N.: 84-8121-617-8
D.L.: C - 953 / 1997



MULLER



"Para que esta exclusión non fose un acto de tiranía, habería que probar que os dereitos naturais das mulleres non son en absoluto os mesmos que os dos homes, ou amosar que non son capaces de exercelos.

Agora ben, os dereitos dos homes derívanse unicamente de que son seres sensíbeis susceptíbeis de adquirir ideas morais e de razoar con esas ideas. Desta maneira, posto que as mulleres teñen estas mesmas cualidades, teñen necesariamente iguais dereitos. Ou ben ningún individuo da especie humana ten verdadeiros dereitos ou todos teñen os mesmos; e o que vota contra o dereito de outro, calquera que sexa a súa relixión, cor ou sexo, renegou dos seus a partir dese momento."

CONDORCET: Sobre a admisión das mulleres ao dereito de cidadanía, 1790.

"Pero, responderanme, só atacamos ás mulleres cando interveñen nos intereses políticos; pero a calumnia é precisamente o acusalas diso. Nun home público todo é evidente; opón probas irrefutábeis a todos os fantasmas creados polo odio. ¿Pero que pode facer unha infortunada muller da que todo se sospeita porque nunca se sabe nada, na que se ve sucesivamente, o mesmo que nas nubes, todo o que forxa a imaxinación? ¡Descoñecida para os que a xulgan, sospeitosa de estar en todas as partes precisamente porque non se a pode atopar en ningunha, sen poder defenderse contra as quimeras de todas as ambicións que a temen porque non está ao seu servizo, o bastante célebre para inspirar temor e sen contar con ningún medio de defensa, temida como un home, inútil como unha muller, sen poder achar o esquecemento en ningún refuxio, porque as sospeitas totalmente imaxinarias actúan igualmente en todas as situacións! Se foxe, é para conspirar desde lonxe; se volve, é para subverter de máis cerca. Pénsase que é de todos os partidos porque non pode servir a ningún, e a súa existencia é unha especie de problema que todos queren explicar ao seu xeito, na que todos queren exercitar o enxeño ou o odio, en troques de crer simplemente a verdade."

MADAME DE STAËL: Escritos políticos, 1798.

AS · MULLERES · E · A · ILUSTRACION

María Xosé Agra Romero



hora de achegarse ao Século das Luces, ao movemento intelectual e político da Ilustración, non pode pasarse por alto a Ilustración das mulleres e as mulleres ilustres. Non é este un aspecto menor na complexidade da Ilustración senón unha cuestión importante que se debate en privado e en público, que se recolle nos textos dos autores máis emblemáticos: Montesquieu, Voltaire, Diderot, D'Alambert, Condorcet, Rousseau,... así como nos escritos das propias mulleres: Olympe de Gouges, Madame de Staël, Madame Lambert, Mary Wollstonecraft,... e que responde a unha nova situación: a presenza pública das mulleres e a súas esixencias de emancipación. Non se trata só de reinscribir as mulleres na Historia, fronte á inxustiza histórica do seu esquecemento, tamén se trata dunha peza fundamental para entender a Ilustración. A polémica dos sexos no Século das Luces ven marcada pola tensión, polas formas e argumentos anovadores pero igualmente polas contradicións, polas sombras. No pensamento ilustrado non se dá unha posición uniforme respecto do lugar e papel a desempeñar polas mulleres, nin sobre o seu exercicio da razón.

No horizonte dunha sociedade liberada das cadeas da tradición e a relixión, na procura da felicidade do xénero humano, no século da razón e da proclamación da Liberdade, Igualdade e Fraternidade, as mulleres acabarán sendo relegadas ao espazo privado, excluídas do espazo dos iguais, mais non sen oposición e argumentación. En xeral, a polémica discorre entre a Natureza como fundamento da diferenza

dos sexos e a voz da razón que ven no seu auxilio para negar o exercicio da razón das mulleres e, conseguintemente, afozar os seus anxeos de liberdade e emancipación intelectual. Outras veces é a utilidade social e política, de novo auxiliada pola razón, quen determina que o lugar axeitado das mulleres é o ámbito doméstico, onde se acadaría o seu perfeccionamento moral e que corresponde ao ideal de virtude feminina, segundo as esixencias masculinas. As mulleres excepcionais ou ben non son máis que a excepción que confirma a regra, ou ben son deostadas e consideradas como a causa da desorde e a corrupción na sociedade. Os defensores ou "amigos das mulleres", e as mulleres mesmas, inciden en que a Natureza diferente non xustifica a desigualdade moral e intelectual e tampouco a exclusión da cidadanía. A utilidade social e política serve así mesmo para defender a ilustración e participación da metade da humanidade e non como causa da súa relegación ao doméstico. Utilidade e Natureza están no centro do debate sobre a admisión das mulleres na Sociedade Económica matritense e nel escoitamos a senlleira ilustrada Josefa Amar y Borbón:

"Por unha parte os homes buscan a súa aprobación, réndenlles uns obsequios que nunca se fan entre sí. Non lles permiten o mando no público e concédeselles mando absoluto no segredo. Néganlle a instrución e despois quéixanse de que non a teñen.... Non contentos os homes con terse reservado os empregos, as honras, e as utilidades; nunha palabra, todo o que pode animar a súa aplicación e desvelo, despoixaron ás mulleres ata da compracencia que resulta de ter un entendemento ilustrado" ¹.

Achámonos, xa que logo, ante certas ambigüidades e contradicións que non son circunstanciais senón constitutivas dunha época na que está en xogo a redefinición dos espazos público e privado.

A ilustración das damas e as damas ilustres constitúen a parte máis visíbel do empeño en facer extensíbel ás mulleres o dereito ao saber, á educación, á razón. Non obstante, a outra cara ilustrada aparece especialmente interesada en establecer un catálogo de virtudes femininas, fronte ás masculinas, no que, como sinala Ursula Pia Jauch, incluso o "Non-Poder-Pensar" forma parte del ². Un catálogo de virtudes que propugnan a paz e a felicidade doméstica, froito do amor. Libros e folletos ocúpanse de ensinar como deben comportarse as mulleres,

tras o discurso da virtude atopamos o camiño trazado para a subordinación das mulleres. Pero aínda seguen resoando as palabras de Condorcet:

"ou ben ningún individuo da especie humana ten verdadeiros dereitos ou todos teñen os mesmos; e o que vota contra o dereito de outro, calquera que sexa a súa relixión, cor ou sexo, renegou dos seus a partires dese momento".

Na *Enciclopedia* poden apreciarse estas ambigüidades e tensións. Nela atopamos tres artigos referidos á muller: "Muller (dereito natural)", "Muller (antropoloxía)" e "Muller (moral)". Mentres os dous primeiros amosan elementos positivos e indicativos da nova sensibilidade respecto das mulleres, no primeiro avogando pola posibilidade de contratos matrimoniais que permitan que certas mulleres conserven a súa posición e autoridade; no segundo cuestionando aquelas disertacións anatómicas que argallaban a non pertenza das mulleres ao xénero humano. Sen embargo no artigo "Muller (moral)" o que trasloce é a imaxe da muller doméstica, o ideal da virtude feminina:

"a súa felicidade é ignorar o que o mundo chama os praceres; a súa gloria é vivir ignorada. Encerrada nos seus deberes de muller e de nai, consagra os seus días á práctica das virtudes escuras: ocupada no goberno da familia, reina sobre o seu marido por medio da compracencia, sobre os seus fillos coa dozura, sobre os seus servidores pola bondade. A súa casa é a morada dos sentimentos relixiosos, da piedade filial, do amor conxugal, da tenrura maternal, da orde, da paz interior, do doce sono e da saúde. Económica e sedentaria, aparta do fogar as paixóns e a probeza; o indixente que se presenta na súa porta nunca é rexeitado; o home licencioso non se presenta nunca a ela. Posúe un carácter reservado e digno que fai que sexa respectada, indulxencia e sensibilidade que fan que sexa amada, prudencia e firmeza que fan que sexa temida; expande ao seu redor unha doce calidez, unha luz que aclara e vivifica todo o que a rodea. ¿Colocouna a natureza ou conduciuna a razón ao rango supremo no que a vexo?"

Outro caso sintomático é o de Silvain Maréchal, revolucionario, xornalista, bibliotecario, membro do Directorio secreto da conspiración babeuvista, redactor dun *Almanach des honnêtes gens* (1788), do *Le Manifeste des égaux* (1796), membro da Conxura dos Iguais de Babeuf, e do *Dictionnaire des athées anciens et modernes* (1800), que en 1801 publica un opúsculo titulado *Il ne faut pas que les femmes sachent lire ou Project d'une loi portant défense d'apprendre lire aux femmes*, un texto de carácter marcadamente provocador, que se reedita en 1841 e en 1853, e que medio en broma medio en serio transmite as contradicións dos ilustrados, aínda dos máis radicais e igualitaristas coma el. Este opúsculo vai ser contestado por dúas mulleres, Madame Gacon-Dufour y Madame Clément-Hémery.

Amais dos diferentes escritos, libros e folletos, encargados de expoñer como debe ser o comportamento das mulleres, das xoves, a súa educación moral e que dan boa conta do carácter e preocupación que adoita ter a polémica dos sexos neste século, destacaríamos as obras de mulleres ilustradas que coa súa vida e escritos interpelan e enfróntanse con lucidez aos discursos e prácticas que lles negan a liberdade e a razón, aínda que logo ían ser esquecidas ata que, de novo as mulleres, recuperan o feminismo ilustrado.

Son unhas poucas mulleres as que producen obras impresas, a maioría asociada co seu papel nos salóns máis que cos seus esforzos literarios. Madame de Graffigne escribe *Lettres d'une péruvienne*, *Cénie*, *La fille d'Aristide*, non obstante non adoita chamarse ela mesma "autora". Unha vez máis as mulleres teñen que loitar para que non se questione e se recoñeza o seu dereito a escribir e a publicar.

Madame Dunoyer, Anne Marguerite Petit (1663-1719), nacida en Nîmes, establécese en Holanda logo de romper o seu matrimonio cun católico francés, ten unha vida chea de tribulacións que mellora cando se converte en editora do periódico *Quintessence des Nouvelles historiques, critiques, politiques, morales et galantes*, que dirixe entre 1711 e 1719, é unha das primeiras mulleres xornalistas.

Madame Lambert, Anne-Thérèse (1647-1733), preside un salón literario, escribe varias obras sobre moral, defensora do exercicio da razón e do saber para as mulleres. Entre as súas obras atópase *Réflexions Nouvelles sur les femmes par une dame de la cour de France* (1727).

Madame de Staël, Germaine Necker (1766-1817) foi unha muller excepcional, a cabalo entre o Antigo Réxime e a Revolución, á que apoia, foi unha protagonista destacada da vida política francesa, desenvolveu unha grande actividade, no seu salón ao que concurrían homes e políticos ilustres, escribindo artigos, novelas, ou escritos políticos. Exiliada, desterrada, compañeira de Benjamin Constant e xunto con este fundadora do Círculo Constitucional. En *De l'influence des passions sur le bonheur des individus et des nations*, só aparece a parte dos individuos, ocúpase das paixóns e da necesidade de dominalas, argumentando que a razón podería facelo. Defensora da instrución e ensinanza para as mulleres, do dereito á razón e a felicidade e non simplemente á opinión e a desdita, considera que "o mal das luces só se corrixe adquirindo máis luces".

Na polémica das diferenzas dos sexos remata por imporse o ideal doméstico da muller, mais as mulleres (e algúns homes) ilustradas abriron un camiño importante cara a igualdade das mulleres e a súa admisión na cidadanía, non obstante non se pode esquecer a aportación das mulleres das clases populares, as súas queixas, a súa participación na revolución, nos clubs, sen elas non se entendería a loita pola igualdade. A Inquisición tivo coas mulleres un especial ensañamento. A Ilustración e a Revolución abriron o camiño, sen embargo aínda temos que asistir a unha sorte de espesa censura que sufrirán as mulleres porque, como di Virginia Woolf, "non se pode negar que cando as mulleres se reúnen -pero chitón- teñen sempre bon coidado de que as portas estean pechadas e de que ningunha palabra acabe no prelo".

- Notas -


1. "Memoria de D^a Josefa Amar y Borbón sobre la admisión de señoras en la Sociedad" in O. NEGRIN: *Ilustración y Educación. La sociedad económica matritense*, Madrid, Editora Nacional, 1984, p.162.

2. JAUCH, Ursula Pia: *Filosofía de damas y moral masculina*, Madrid, Alianza Editorial, 1995, p.132.

EL
AMIGO
DE LAS
MUGERES.

TRADUCIDO DE FRANCES EN CASTELLANO

Por D. Francisco Mariano Nipho.



CON LICENCIA
En Madrid Año de 1771.

*Se hallará en la Librería de Es-
cribano, calle de Atocha.*




LETTRES
HISTORIQUES
ET GALANTES,

DE

DEUX DAMES,

Dont l'une étoit à Paris , & l'autre
en Province.



LETTRE PREMIÈRE.

Vous vous trompez très fort, Ma-
dame , quand vous croyez que
hors de *Paris* il n'est point de plai-
sirs : vous êtes dans une erreur pareille à
celle où étoient les anciens Grecs quand ils
traoient de Barbares tous les autres Peu-
ples, il en est, je vous assure, de bien polis
dans les Pais que j'ai parcourus depuis que
je vous ai quittée , & je ne pense pas qu'il
y ait au monde un séjour plus agréable

Tome. 1

A

Cat. n. 105

**CARTAS
DE UNA
PERUANA.**

ESCRITAS EN FRANCES
POR MAD. DE GRAFFIGNI


Y

TRADUCIDAS AL CASTELLANO
CON ALGUNAS CORRECCIONES, Y
AUMENTADA CON NOTAS, Y UNA
CARTA PARA SU MAYOR
COMPLEMENTO;

POR

DOÑA MARIA ROMERO

MASEGOSA Y CANCELADA.



VALLADOLID:

En la Oficina de la Viuda de Santander, é Hijos.
Año 1792.



**LAS
MUGERES CÉLEBRES**

EN FRANCIA

desde 1789 hasta 1795.

Y SU

INFLUJO EN LA REVOLUCION.

OBRA INTERESANTÍSIMA QUE SIRVE DE COMPLEMENTO Á TODAS
LAS HISTORIAS DE LA REVOLUCION FRANCESA
PUBLICADAS HASTA EL DIA;

POR

E. BARTHELEMY,

ABOGADO.

Théroigne de Méricourt.	La señorita Maillard.
Madama Necker.	Sofía Momoro.
Carlota Corday.	Catalina Théot.
Suzette Labrousse.	Madama Tallien.
Madama Rolland.	Aspasia Carlemigelli.
Lucila Desmoulins.	Sofía Lapierre.
Olimpia de Gouges.	Maria Antonieta.
La señorita d'Orbe.	Madama de Staël.
Rosa Lacombe.	Madama de Stainville.
Los Furios de Guillotina	Cecilia Renaud, y otros.


BARCELONA,

LIBRERIA DE JUAN OLIVERES,

CALLE DE ESCUDERES, NÚM. 53.

1841.

O B R A S
D E L A
MARQUESA DE LAMBERT,
Traducidas del Francés
P O R
DOÑA MARIA CAJETANA
DE LA CERDA Y VERA,
CONDESA DE LALAING.



MADRID MDCCLXXXI.

EN LA OFICINA DE D. MANUEL MARTIN,
donde se hallará.

Con las licencias necesarias.

RECUEIL
DE PIÈCES
GALANTES,
EN PROSE ET EN VERS,
DE MADAME LA COMTESSE
DE LA SUZE,
ET DE
MONSIEUR PELISSON.

Nouvelle Edition, à laquelle on a joint

Le Voyage de BACHAUMONT & LA CHAPELLE.
Les Poësies du Ch^{er} D'ACEILLY ou DE CAILLY.
Les Visionnaires, Comédie de JEAN DESMARETS,
de l'Académie Françoisè.

TOME PREMIER.




A TREVoux,
PAR LA COMPAGNIE.

M. DCC. XLI.

MEMORIAS
PARA LA HISTORIA
DE LA VIRTUD,
SACADAS
DEL DIARIO DE UNA SEÑORITA.

TOMO I.




EN ALCALA: AÑO DE M.DCC.XCII.
En la Imprenta de la Real Universidad.
Con licencia.

Cat. n. 115

1270299

MANIFIESTO,
I EN EL SE EVIDENCIA
LA JUSTICIA,
I SE INDEMNIZA
EL HONOR
**DE DOS DAMAS
FLAMENCAS.**
LE DEDICA
**A LA REINA
N. SEÑORA**
POR MANO
DE LA EXC.^{MA} S.^{MA}
**DUQUESA
DE LIRIA**
LA PRINCESA DE TSCERCLAES
DE TILLIJ

Cat. n. 118



Cat. n. 117

DICTIONNAIRE
D'AMOUR,
PAR LE BERGER SYLVAIN.

Jeune Homme ! prends-& lis.

PREMIERE PARTIE.



A G N I D E ,

Et se trouve à Paris ,

Chez BRIAND , Libraire , maison de M.
Crapart , place St. Michel , & au premier
février , quai des Augustins , N^o. 50.

1788.



Madame de Staël, pintada por Gérard.

661

DB

L'INFLUENCE DES PASSIONS

SUR

LE BONHEUR DES INDIVIDUS

ET

DES NATIONS.

PAR

MAD. LA BARONNE STAEL DE HOLSTEIN.


Quæsitæ cælo lucem ingemuitque repertâ.

A LAUSANNE *en Suisse,*

Chez { JEAN MOURER, Libraire.
HIGNOU ET COMP^e. Imp. Lib.

1796.

Catálogo



Muller

- 102. Boudier de Villermet, Pierre Joseph**
El Amigo de las mujeres / Traducido de francés en castellano por D. Francisco Mariano Nipho.
Madrid : Librería de Escribano, 1771
- 103. Copia de Carta del Emperador de la China, escrita a Benedicto XIV, pidiendo a Su Santidad una princesa de Europa en matrimonio.**
[Madrid : s.n., 1748]
- 104. Curieux, Un**
Tablettes d'un Curieux ou Varietés historiques, littéraires et morales.
Bruxelles : Chez Dujardin, 1789
- 105. Du Noyer, Anne Marguerite Petit**
Lettres historiques et galantes de deux Dames de condition.
Cologne : Chez Pierre Manteau, 1723
- 106. Espinosa Zapata y Villanueva, Fernando de**
Por Don Fernando de Espinosa Zapata y Villanueva... Con Doña María Josepha Calero y Tapia, su muger [proceso de] Separación y divorcio por malos tratamientos.
Madrid : [s.n.], 1721
- 107. Fajardo, José**
El Tribunal de las Damas : copia auténtica de la executoria que ganó la modestia en el tribunal de la razón.
Madrid : En la Imprenta de Joseph Francisco Martínez Abad, 1755

- 108. Filósofo Incógnito, El**
La Muger feliz : dependiente del mundo y de la fortuna.
Madrid : En la Imprenta Real, 1789
- 109. Graffigny, Francisca d'Isembourg d'Happoncourt, Madame de**
Cartas de una Peruana / traducidas al castellano por Doña María Romero Masegosa y Cancelada.
Valladolid : En la Oficina de la Viuda de Santander e Hijos, 1792.
- 110. Gueulette, Thomas Simon**
Mémoires de Mademoiselle de Bontems ou de la Comtesse de Marlou.
Londres : [s.n.], 1781
- 111. Lairtullier, L.**
Las Mujeres célebres en Francia desde 1789 hasta 1795 y su influjo en la Revolución.
Barcelona : Librería de Juan Oliveres, 1841
- 112. Lambert, Anne Thérèse de Marquenat de Courcelles, Marquesa de**
Obras de la Marquesa de Lambert / traducidas del francés por Doña María Cayetana de la Cerda y Vera, Condesa de Lalaing.
Madrid : En la Oficina de Manuel Martín, 1781.
- 113. La Suze, Henriette, Condesa de**
Recueil de pieces galantes, en prose et vers, de Madame la Comtesse de la Suze et de Monsieur Pelisson.
Trévoux : Par la Compagnie, 1741
- 114. M.F.**
Réflexions sur l'éducation en général et sur celle des jeunes demoiselles.
Amsterdam : Chez J.H.Schneider, 1761
- 115. Memorias para la historia de la virtud : sacadas del Diario de una señorita** / traducidas por D.Jacobo de Villa-Urrutia.
Alcalá : En la Imprenta de la Real Universidad, 1792.
- 116. Staël-Holstein, Anne Louise Germaine, Baronesa de**
De l'influence des passions sur le bonheur des individus et des

nations.

Lausanne : chez Jean Mourer, 1796

117. Sylvain, Alejandro van den Bussche

Dictionnaire d'amour.

Paris : chez Briaud, 1788

118. T'Serclaes de Tilly, Albertine, Pricesa de

Manifiesto : en el que se evidencia la justicia i se indemniza el honor de Dos Damas Flamencas.

[España : s.n., 17-?]

119. Voz "Muller"

Encyclopedie ou Dictionnaire raisonné des sciences, des arts et des métiers / Par une Societé des Gens de Lettres ; mis en ordre et publié par M.Diderot. - 2e.ed. / enrichie de notes et donné au public pour M.Octavien Diodati.

Lucques : chez Vincent Giuntini, 1758